

Antonio Pereira convértese xa nun clásico do conto

José Miguel A. Giráldez

Chamo a Antonio Pereira e felicítolle pola súa antoloxía en Cátedra (Recuento de invenciones, 2004), eses libros negros onde o meten a un cando está consagrado. Pereira toma todo con ese magnífico humor vilafranquino, esa ironía da fronteira. Dime: "Querido Giráldez, cos anos chéganlle a un estes clasicismos". E ri baixo, ó outro lado do teléfono, sabedor de que ten as armas (e as letras) para compor as máis fermosas arquitecturas do conto.

Non é que Pereira non fose xa un clásico. Moitos témolo clasificado entre os mellores autores de contos das últimas décadas, pero se cadra lle faltaba esta consagración (¡a el!, tan pouco amigo de consagracións), esa cousa de que che saquen en Cátedra Letras Universales, cun limiar exquisito e unha edición de textos moi coidada. Non hai que esquecer que Pereira corrixe unha e outra vez, mesmo para as reimpresións. Esta antoloxía ou selección, que inclúe 56 contos clasificados cronoloxicamente, está realizada por José Carlos González Boixo, da Universidade de León. Boixo, especialista en Juan Rulfo (tiven a honra de telo como profesor, no meu primeirísimo ano de universidade), consegue tramar a biografía emocional de Pereira, e destramar ó tempo (¿habría que dicir deconstruír?) unha boa mancha de contos. A introducción, que probablemente non podería superar un número determinado de páxinas por esixencias do volume, captura con brillantez eses primeiros anos de Pereira en Villafranca, filio de ferreiro (ou, como el di, ferranxeiro) e sobriño de impresor. A narración da vida nese mundo rural, útero vexetal do escritor, é sintética pero sentimental. Moito tivo que ver o territorio da infancia na literatura de Pereira: e nese territorio Galicia ocupa un lugar de importancia, como tantas veces sinalamos. Se cadra non por casualidade, o noso autor, aquel afastado colaborador da revista Alba, amigo de González Alegre, viu traducidos os seus fermosos Contos da Cábila á lingua galega.

E é que, aínda que adscrito por algúns críticos ó se cadra mal chamado Grupo leonés, Pereira é un independente. Un solitario con moitos amigos: Luis Mateo, Merino, quen se non. Todos pertencentes a anos de ouro da narrativa, creadores de mundos e de palabras. Pereira prefere falar dos seus comezos como poeta, dos anos xerminais de

Espadaña e Claraboya, e dos faladoiros na Biblioteca Azcárate. Co tempo cambiaría esas cousas polo Café Gijón, pero en realidade segue volvendo á orixe. Pereira retorna a León en canto pode, e en Villafranca foi sempre un asiduo, sentado ata as-tantas nas terrazas dos cafés da praza, envolvendo os paisanos con historias, a miúdo entolecidas. Porque a el, máis que ningunha outra cousa, lle gusta contar. Filio directo dos filandóns e dos calechos (aquelas historias de inverno contadas ó amor do lurne), a ninguén estraña que hoxe Pereira sexa, sen dúbida, o mellor dominador dos recursos orais na escrita. O cal non impide que desenvolvese unha gran técnica persoal, influído pola tradición pero tamén polas vangardas. Estamos ante un gran constuctor de historias. Boixo ofrécenos unha edición que lle fai xustiza, e que consideramos imprescindible.